

A TEXTURA MUSICAL

É a disposición dos elementos musicais (ritmo, melodía, harmonía) en varias voces ou partes.

HAI DOUS TIPOS PRINCIPAIS:

1- **A MONODIA** : unha soa voz ou liña melódica




a. A capella: voces sen acompañamento instrumental


2- **POLIFONÍA**: a forman varias liñas melódicas.

Hai tres tipos:

a. **Melodía acompañada**: a melodía soa cunha base de acordes ou de distintas voces.



b. **Contrapunto imitativo**: cando as distintas voces e /ou instrumentos se imitan facendo as súas intervencións de maneira sucesiva.



c. **Homofonía**: as distintas liñas melódicas teñen unha disposición vertical ou en acordes porque o seu ritmo adoita ser similar (homo significa mesmo, igual)

